

RESOLUCIÓN DE DESISTENCIA

Praza número: 17/8009 Número de prazas: 1
Categoría: Contratado interino de substitución (2º cuadrimestre). Dedicación: P06
Área de coñecemento: Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Departamento: Dereito Público
Centro: Facultade de Dereito
Data da convocatoria: 14/11/2017

FEITOS:

Por resolución reitoral do 14 de novembro de 2017 convocouse un concurso para a contratación laboral de persoal docente, relacionándose no anexo II da mesma as prazas (da 17/8001 á 8016) que se convocaban coa súa respectiva descrición. Entre as mesmas incluíase a descrita na cabeceira, que pretendía a súa cobertura para docencia exclusivamente do 2º cuadrimestre.

Con data do 14 de decembro o director do Departamento de Dereito Público remitiu ao Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente un escrito informándolle de que “na reunión do Consello do Departamento, que tivo lugar o día 5 de decembro, aprobouse por unanimidade a desestimación da convocatoria dunha praza de profesor contratado interino de substitución P06 para o segundo cuadrimestre, na Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, que fora aprobada polo Consello de Goberno (a petición do propio Departamento), porque a mencionada Área considera agora que non existe necesidade docente desa praza”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1.- O Artigo 84.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que “poñerán fin ao procedemento a resolución, o desistencia, a renuncia ao dereito no que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade” e, en desenvolvemento deste, o artigo 93 da mesma norma establece que “nos procedementos iniciados de oficio, a Administración poderá desistir, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis”.

2.- Neste caso a desistencia a continuar co procedemento de selección da praza 17/8009, para a contratación temporal (2º cuadrimestre) dun profesor interino, ven motivada no contido do acordo do Consello do Departamento de Dereito Público, adoptado por unanimidade na súa reunión do día 5 de decembro de 2017, no que aproban a desestimación da convocatoria da praza ao considerar a Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, integrada no dito Departamento, que actualmente non existe necesidade docente de dita praza.

Por todo o sinalado, **esta Reitoría**, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), **resolve** desistir do procedemento de selección da praza 17/8009, descrita na cabeceira, que se convocou, xunto con outras por resolución reitoral do día

Código Seguro De Verificación	NLwZfxSiLtyXzWYibXl1TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	29/12/2017 18:42:27
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NLwZfxSiLtyXzWYibXl1TA==		





14 de novembro de 2017.

Os interesados que tiveran presentada a correspondente solicitude para participar nesta praza, poderán solicitar a devolución das taxas que tiveran pagado para eses efectos.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, prazo que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdición Contencioso Administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 29 de decembro 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	NLwZfxSiLtyXzWYibXl1TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	29/12/2017 18:42:27
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NLwZfxSiLtyXzWYibXl1TA==		

